Los lunes: pintura al óleo, impartido por Don Manuel Anido de 6 a 8. Los martes: restauración y decoración, impartido por Doña Angeles Iglesias de 5 a 9. Cocina, impartido por Doña Chona Sánchez de 4 a 6. Los jueves: manualidades, impartido por Doña Esther Prado de 5 a 8. Tapices, impartido por Gladys Baldoní de 5 a 8. Los viernes, bolillos, impartido por Doña Carmen Tajés de 6 a 9. Los cursos comenzaron la primera semana de octubre y terminaron el día 20 de diciembre. Los martes, jueves y sábados, clases de ballet en sus distintos grupos, el profesor es Don Jesús Martínez Sierra.

OCTUBRE 1996

DÍA 3.- Despacho de billetes para ir a San Andrés de Teixido a las 6 de la tarde.

DÍA 9.- Viaje a San Andrés de Teixido, asistiendo a misa y después comiendo en Cedeira en el Restaurante «A Revolta».

DÍA 23.- Conferencia del Doctor Roberto Villaresca, Jefe del Departamento de Transfusiones de Galicia, tratando el tema de la importancia de los donantes de sangre, a las 7 de la tarde.

DÍA 31.- Despacho de billetes para ir al «día de la amistad» en La Coruña a las 6 de la tarde.

NOVIEMBRE 1996

DÍA 4.- Misa por las socias y familiares difuntos, en Santo Domingo a las 8,30 de la tarde.

DÍA 5.- Viaje a La Coruña con motivo del día de la Amistad, donde hubo distintos actos y una comida de confraternidad en el Hotel Finisterre, finalizando con baile.

DÍA 7.- Despacho de billetes para ir a Ordenes a las 6 de la tarde.

DÍA 13.- Viaje a Ordenes por la tarde, Visitando las fábricas de punto, confección y cuero, con merienda en «El Nogallás».

DÍA 18.- Magosto y baile en el Liceo.

DÍA 27.- Javier Barbeito Neira, quiropráctico, quiromasajista, técnico especialista en radiodiagnóstico, habló de la importancia de los masajes y otras técnicas para nuestro organismo.

DÍA 29.- Despacho de billetes para visitar el Centro de Investigación de Alzheimer.

DICIEMBRE 1996

DÍA 4.- Visita por la tarde al centro de investigación Biomédico (Alzheimer) en Santa Marta de Babío, después merienda en Sada.

DÍA 19.- Dentro de la campaña de Navidad y en colaboración con el Excmo. Ayuntamiento, hubo una conferencia a cargo de Doña Rosario Castells Vila, Doctora en Filosofía y letras, catedrático de Historia y Médico Oculista, que habló sobre «La misteriosa Rusia de los Zares», en el Aula de Cultura a las 8,30 de la tarde.

DÍA 21.- Concurso de Tartas de Navidad, patrocinado por Leyma, para todas las amas de casa de Betanzos (aunque no sean socias) en el Liceo a las 6 de la tarde.

DÍA 22.- Concurso de Villancicos dotado de 3 premios de 15.000, 10.000 y 5.000 pts. respectivamente, actuación de la Orquesta Albéniz, y después nuestro Ballet, en el Aula de Cultura a las 7 de la tarde.

El día 8 de noviembre, a las 8,30 de la tarde hubo un festival en la Pista, con participación de todas las Asociaciones de Betanzos que tengan grupos de baile, la Banda, Rondallas y la Coral con el fin de recaudar fondos para terminar la reparación de la iglesia de San Francisco.

A partir del 9 de diciembre hubo un rastrillo en Bulevar, para ayudar a las familias más pobres de Betanzos.

A partir del 1 de octubre se puso a la venta la lotería de Navidad.

La Junta Directiva

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

Ao longo do ano 1996 a Asociación Cultural Eira Vella levou a cabo as seguintes actividades:

Do 25 de marzo ao 13 de abril desenrolouse o ciclo de sensibilización medio-ambiental «Auga Arte Vida», coas mostras de fotografía submarina, cedida pola Federación Galega de Actividades Subacuáticas, e a mostra «A arte en defensa dos ríos», cedida polo colectivo ecoloxista Xevale. Ambas exposicións tiveron lugar na sá do Liceo de forma simultánea. Dentro deste ciclo organizouse o día 28 de marzo unha proxección de diapositivas sobre «A ría de Betanzos» no Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, dirixida ao alumnado do centro e comentada polo autor Xabier Garrote.

En maio editouse o número 1 de «A Xanela, revista cultural das Mariñas», correspondente á primavera, con reparto e distribución gratuita.

O 29 de maio organizouse na Aula de Cultura de Caixa Galicia un recital de xóvenes poetas, baixo o título «Poetas dos 90», con participación de Iolanda Castaño, Emma Couceiro, Paco Souto, Eduardo Estévez, Rafa Villar e Marta Dacosta.

En outubro desenroláronse as IV Xornadas da Lingua na Aula Municipal de Cultura, co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. O xoves 24, o profesor da Universidade de Santiago Henrique Monteagudo impartiu unha conferencia sobre «Actualidade do galego e 25 anos do Instituto da Lingua Galega». O venres 25

RECITAL

POETAS DOS NOVENTA

mércores 29 maio
oito e media do serán
Aula de Caixa Galicia

MARTA DACOSTA
PACO SOUTO
RAFA VILLAR
IOLANDA CASTAÑO
EDUARDO ESTÉVEZ
ENMA COUCEIRO

EIRA VELLA

celebrouse unha mesa redonda sobre «O galego no ensino», con participación de Manuel Rico en representación da Consellería de Educación, Manuel González en representación da Federación Provincial de Asociacións de Pais de Alumnos de Centros Públicos, Marta Dacosta como representante da CIG-Ensino, sindicato maioritario no sector, e Lois Cambeiro en representación de A Mesa pola Normalización Lingüística. Ademais, do 16 ao 31 do mesmo mes espuxose na sá do Liceo a mostra de debuxos «Lingua e humor», orixinais do artista e humorista Xaquín Marín.

Do 16 ao 30 de novembro organizouse na planta superior do Liceo a exposición «Fotografías de Galicia no Arxui Mas», cedida polo Instituto Galego de Artes da Imaxe, dependente da Consellería de Cultura, editándose unha postal conmemorativa e anunciadora do acto.

Por último, a comezos de decembro procedeuse ao reparto e distribución gratuita do número 2 de «A Xanela, revista cultural das Mariñas», correspondente ao outono.

Para o desenrolo das súas actividades, Eira Vella contou unicamente cunha subvención de 50.000 da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, destinada á celebración das IV Xornadas da Lingua.

A Xunta Directiva

CRUZ VERMELLA XUVENTUDE DE BETANZOS

A) ACTIVIDADES

1.- Campaña de recollida de xoguets. En colaboración co Concello de Oleiros e coa Casa da Xuventude de Betanzos. Data: Xaneiro 96. Nº de monitores: 2. O 14 de Febreiro fumos invitados á recepción do Cónsul de Cuba no Concello de Oleiros ás Entidades participantes na recollida de xoguets, asistindo dúas persoas.

2.- Obradoiro de pintado de cantos rodados. Data: 20 de Xaneiro. Nº participantes: 23. Nº monitores: 4.

3.- Obradoiro verde (A Ecoberza). Data: 27 de Xaneiro. Nº participantes: 24. Nº monitores: 5.

4.- Obradoiro de Antroido. Data: 10 de Febreiro. Nº de participantes: 11. Nº de monitores: 3.

5.- Visita á Domus. Data: 24 de Febreiro. Nº participantes: 62. Nº monitores: 11.

6.- Obradoiro de natureza I: construción de caixas niño e comedeiros. Data: 24 de Febreiro. Nº participantes: 22. Nº monitores: 4

7.- Obradoiro de natureza II. Data: 2 de Marzo. Nº participantes: 22. Nº monitores: 4.

8.- Obradoiro de pulseiras e cometas. Data: 16 de Marzo. Nº participantes: 19. Nº monitores: 2

9.- Campaña de bosques: saída a Chelo. Data: 23 de Marzo. Nº participantes: 108. Nº monitores: 15.

10.- Proxecto de recuperación dunha charca no Instituto de Bacharelato «Francisco Aguiar». Data: 13 de Abril.

Nº participantes: 2.

11.- Obradoiro de murales. Data: 20 de Abril. Nº participantes: 20. Nº monitores: 4.

12.- INAUGURACION NOVO LOCAL DE CVX.. Data: 20 de Abril.. Nº asistentes: 50 aprox.

13.- Saída a Cesuras. Data: 27 de Abril. Nº de participantes: 65. Nº de monitores: 10. En colaboración cunha asociación xuvenil de Cesuras.

14.- Obradoiro de maio. Data: 4 de Maio. Nº de participantes: 38. Nº de monitores: 8.

15.- Obradoiro de manualidades para nenos/as. Datas: Do 10 ó 21 de Xullo. Nº de participantes: 17. Nº monitores: 6.

16.- Campamento de verán «O Xestal-96». Datas: 6, 7 e 8 de Agosto. Nº de participantes: 42. Nº monitores: 12.

17.- Obradoiro de noite de Santos. Data: 2 de Novembro. Nº de asistentes: 22. Nº de monitores: 5.

18.- Obradoiro do sal. Data: 9 de Novembro. Nº de participantes: 20 Nº de monitores: 5.

19.- Día Mundial do SIDA. Data: 29 de Novembro. Nº de participantes: non cuantificable. Nº de monitores: 6.

Lugar: Instituto de Bacharelato «Francisco Aguiar» e Centro de Formación Profesional de Betanzos.

20.- Obradoiro de Nadal. Data: 30 de Novembro. Nº de participantes: 26. Nº de monitores: 2 .

21.- Campamento de inverno «A Xerpe 96» I. Datas: 5, 6 e 7 de Decembro. Nº de participantes: 16. Nº de monitores: 4.

22.- Campamento de inverno «A Xerpe 96» II. Datas: 13, 14 e 15 de Decembro. Nº de participantes: 18. Nº de monitores: 4.

23.- Visita ó Museo da Electricidade. Data: 21 de Decembro. Nº de participantes: 32. Nº de monitores: 5.

Durante todo o ano, cada fin de semana, tiveron lugar actividades no Colexio de Educación Especial «Sagrado Corazón» de Betanzos, dirixidas por catro monitores.

B) ACTIVIDADES DE C. V. ESPAÑOLA

1.- Revisión de listas de beneficiarios de alimentos. Mes de Febreiro.

2.- Reparto de alimentos. Data: Marzo. Nº monitores: 3.

3.- Día da bandeiriña. Data: 1 de Maio. Nº de participantes: 18

4.- Reparto de alimentos. Datas: Outubro. Nº monitores: 4.

5.- Durante todo o ano, apóianse as campañas de extracción do sangue que realiza o «Centro de Transfusións de Galicia» en Betanzos e bisbarra.

A Xunta Directiva



RESTAURACIÓN DEL PASATIEMPO

En la primavera del año pasado se comenzó la restauración del parque enciclopédico «El Pasatiempo» propiedad del ayuntamiento de Betanzos. El estado de abandono en que se encontraba hizo necesario una labor previa de limpieza que se realizó en dos etapas: una cuando se construyó el parque nuevo con fondos de la Xunta de Galicia en la que se desbrozó y retiró escombros y

se construyeron el invernadero de arriba y el mirador, y la segunda etapa inmediatamente anterior a la restauración definitiva llevada a cabo por el Ayuntamiento de Betanzos como entidad promotora de la escuela taller Pasatiempo dependiente del INEM.

El parque público «El Pasatiempo» de Betanzos fue abandonado tras la muerte de su creador D. Juan García Naveira (1933).

Muchas de las obras que albergaba fueron vendidas por la familia o trasladadas a otros lugares y otras fueron robadas llegando incluso a retirar las

cañerías de plomo de las fuentes para su venta. El deterioro llegó a ser tal que la parte baja del parque, de superficie igual o mayor que la superior, desapareció totalmente.

DOCUMENTACIÓN

Antes de comenzar la obra se recabó toda la información que fue posible acerca del parque y de las tres fuentes principales.

-Material fotográfico de la época que fue recogido por el Archivo, los cronistas locales y coleccionistas particulares. Las fotografías muestran distintas zonas del parque, algunas con información muy en detalle de figuras o espacios concretos. Sin embargo la mayoría corresponden a la primera de las cuatro terrazas.

-Está publicado un trabajo de investigación muy riguroso editado por Ediciones do Castro -Cuadernos do seminario de Sargadelos nº 53.

-Los relatos de personas que conocieron el parque cuando todavía estaba en uso y que dieron descripciones muy valiosas.

-Muchas figuras se recuperaron de los escombros que fueron apareciendo en las labores de limpieza.

ANÁLISIS

La restauración del parque estaba de sobra justificada por su interés social y urbanístico para la ciudad de Betanzos. De cualquier manera cabe resaltar los siguientes aspectos:

-El carácter del jardín es singular por tratarse de un parque público cuya finalidad es didáctica además de recreativa.

-Es un exponente inigualable del estilo ecléctico desarrollado en jardinería pública.

-Tanto el desarrollo de la estructura del parque como los elementos que lo componen son de gran calidad en su concepción y ejecución.

-El parque estaba concebido con gran riqueza ornamental y una gran imaginación e ingenio. Su interés radica en la gracia con la que se mezclaban los diferentes espacios por medio de soluciones que a veces sorprenden por la depurada técnica con la que están ejecutados.

-Además es un extraordinario homenaje a América y a la emigración española.

PROGRAMA DE OBRAS DE RESTAURACIÓN

Al empezar el proyecto de restauración se consideraron los siguientes puntos para determinar las áreas de actuación:

La alimentación de las fuentes y estanques se hacía llevando el agua desde un manantial subterráneo a través de las grutas. Este recorrido estaba interrumpido por el desplome de una galería.

La cantidad de elementos que había que restaurar era tan grande que resultaba imprescindible el desarrollo de un programa determinado compatible con los módulos didácticos que impartía la escuela taller.

El capítulo peor documentado era el de las plantaciones de las que no queda ningún resto a no ser alguna especie que se mantenía asilvestrada en la zona, sin mayor interés.

Además el interés del ayuntamiento era satisfacer la demanda del público por conocer el jardín de manera que el parque debería ser visitable a la vez que se realizaban las obras.

El programa de trabajo se organizó de la siguiente forma:

-Comenzar por la recuperación de las balaustradas por ser elementos muy importantes en la composición de las terrazas tanto desde dentro del parque como en su imagen externa, además de ser necesarios para la seguridad de los visitantes.

-Ordenación de los paseos, y de los pasos del parque y por el interior de las grutas.

-Reconducción del agua desde el manantial hasta las fuentes y estanques y su puesta en funcionamiento.

Una vez comenzados estos trabajos se continuó trabajando en la reconstrucción de figuras y elementos específicos y en las instalaciones de saneamiento, riego y electricidad.

PLANTACIONES

La selección y ordenación de las plantaciones se basó principalmente en la documentación fotográfica gracias a la que se pudo reconstruir el primer nivel de forma casi exacta.

Al no disponer de esta información sobre el segundo y tercer nivel y los niveles intermedios se procedió a realizar plantaciones basadas en la estructura de las terrazas y los paseos valiéndonos de recursos jardinerísticos del estilo de la época y del espíritu del parque.

La segunda terraza se dedicó a las plantas del resto del mundo, consiguiendo un sistema original para la ordenación de un jardín botánico.

Muchas de las especies vegetales fueron obtenidas de jardines antiguos de la comarca y reproducidas en los invernaderos de la escuela. Otras se están consiguiendo directamente de América a través de intercambios entre los municipios.

CRITERIOS DE RESTAURACIÓN

La restauración del jardín se ha desarrollado en base a los siguientes criterios:

-Detener el proceso de deterioro del parque.

-Recuperar el funcionamiento del parque según las necesidades actuales y en base a la aptitud del mismo, es decir, buscar un equilibrio entre aquellas y el uso racional del parque.

-Recuperar de forma jerarquizada todos los elementos desaparecidos que se supongan fundamentales para el disfrute del parque: fuentes, invernaderos, miradores, plantaciones.

-Preservar el carácter mediante una detallada valoración de las calidades de cada uno de los espacios

-el carácter lúdico, didáctico, misterioso, esteticista, etc. aparece en el concepto general del parque pero se desarrolla puntualmente en cada uno de los espacios que lo componen-.

-Respetar las calidades de los materiales utilizados y de la obra de los maestros que trabajaron en el parque.

José Crespi Rodríguez

Paisajista; Director de las obras de restauración del Pasatiempo

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA

El día 9 de octubre de 1995 y con una matrícula de 115 alumnos, comienza el curso 95/96 en el Conservatorio Municipal de Música de nuestra ciudad, ubicado un año más en el emblemático edificio del antiguo Archivo de Galicia.

El Conservatorio de Música de Betanzos nace en la década de los ochenta como filial del Conservatorio de La Coruña, pasando a depender única y exclusivamente del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos en el año 1990.

Los 115 alumnos forman parte del curso de Iniciación, creado el año anterior, y de los cuatro cursos de grado elemental correspondientes al nuevo sistema educativo LOGSE, junto con tres alumnos pertenecientes al antiguo plan del 66.

Las disciplinas a impartir son las recogidas en la enseñanza reglada que atañe a centros de grado elemental, tales como: Lenguaje musical, Música activa, Coro y Adiciones comentadas; y, en cuanto a especialidades instrumentales, se imparten clases de viento-metal, viento-madera, cuerda, piano y percusión.

A lo largo de todo el curso los alumnos participan en actividades complementarias para su formación y presencian numerosos actos musicales, entre los que cabe destacar: La clase magistral de trompa del profesor Salvador Navarro, fundador del quinteto de metal «Madrid Brass» y en la actualidad solista de la Orquesta Nacional de España; el noveno curso de música «Cidade de Ferrol»; dos conciertos en la monumental Iglesia de San Francisco de la Orquesta Sinfónica de Galicia bajo la dirección de David Shallon y Jerzy Meksymiuk; la actuación en el Aula de Cultura del violinista Vladimir Prjevalsky, solista de la citada Orquesta y varios conciertos de la Banda Municipal de Música de nuestra ciudad.

Uno de los fines primordiales del Conservatorio de Música, aparte de otros, es servir de vivero, preparar y formar adecuadamente a todos los alumnos que deseen tomar parte activa y ser componentes de ese proyecto ilusionadamente concebido, felizmente realizado y en un futuro muy próximo, artísticamente consolidado que es la Banda

Municipal de Música de Betanzos.

Musicalmente es sintomático, dado el número de habitantes, que en Betanzos existan en la actualidad un Conservatorio de Música, Banda de Música, Escuela de baile, Coral Polifónica, Rondalla de pulso y púa, Danzas y Grupos Folklóricos.

Los betanceiros hacen honor, no sólo a la belleza estática y pétreo de sus monumentos sino al dinamismo creador y enriquecedor que proporciona el arte de la música.

Entre pentagramas algo se mueve en la ciudad.

Pedro Ignacio Noya López

Director del Conservatorio Municipal de Música

PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL «VIVE A NATUREZA»

Cando apenas quedan 1000 días para chegar ao ano 2000, a comunidade científica, e moitos organismos e asociacións, dan a voz de alarma sobre o deterioro ambiental do planeta: contaminación das augas, deforestación, extinción das especies, esgotamento dos recursos, acumulación de lixo... son algúns dos moitos problemas que ven sufrindo a Terra neste último século, e dos que nós, os humanos, somos responsábeis.

Para reconciliarnos coa natureza fai-se pois necesario apresurarnos en cambiar as nosas actitudes e valores. A nova ética debe englobar unha nova forma de vida que conceda menos importancia ao dominio da Natureza e máis importancia a lograr unha relación harmoniosa entre o home e a Natureza, camiñando cara un mundo máis xusto e solidario.

Afortunadamente neste Concello decatáron-se desta apremiante necesidade ben cedo e tiveron a sensibilidade necesaria para afrontar esta tarefa apostando forte pola educación ambiental como mellor forma de acadar esta relación harmoniosa. Por iso e antes de nada desde a CEM, empresa ao servizo do medio ambiente e a educación, queremos felicitar e dar a noraboa a todas aquelas persoas, especialmente a Concellería de Cultura e Deportes, que fixeron posíbel que desde hai xa máis de dez anos veña funcionando o programa de educación ambiental «Vive a Natureza».

Este programa educativo remata pois un novo ano coa esperanza de que cada día contribuíamos á formación de persoas conscientes e preocupadas polo futuro do medio ambiente, persoas que sexan capaces de aportar solucións alternativas a todos os problemas mencionados.

«Vive a Natureza», que tantas ilusións e esforzos sementou a finais dos oitenta está agora recollendo os froitos e todos nos alegrámos de que as novas xeracións, as que en definitiva decidirán o rumbo

das relacións da humanidade coa natureza, participan xa activamente a favor do medio ambiente, sexan convidados a programas e charlas sobre estes temas e ensinen a outras persoas o que eles aprenderon todos estes anos nas saídas ao campo. É o efecto multiplicador, tan necesario para o planeta neste momento crítico.

«*Vive a Natureza*» está chegando xa a moitas persoas, e este ano co ánimo de dar-lle aínda maior difusión e chegar a sectores que antes non chegaba, en mércores alternos e de 13,30 a 14,00, contamos xa con un espácio divulgativo e informativo na emisora municipal do Concello. Un programa radiofónico no que nos gustaría que participasen, no que se tocan temas de actualidade como os residuos e a reciclaxe, a contaminación das augas, a micoloxía, o espácio natural de Cecebre, a solidariedade e cooperación para o desenvolvemento...con algúns invitados que foron ou son protagonistas de «*Vive a Natureza*».

O programa de verán-96 nos invita a empaparnos en natureza. Os máis pequenos participaron no xa habitual minicampamento que este ano nos achegou ás incomparables e interesantes fragas do Eume. Durante tres días todos disfrutaron coñecendo a enorme riqueza natural destes bosques e ríos, e algunhas xoias do patrimonio cultural como os Mosteiros de Caaveiro e Monfero. Conseguimos que os nenos e nenas comezasen a coñecer e querer os auténticos bosques galegos e en proba diso hoxe poderemos velos calquer día polas rúas da vila lucindo unhas creativas camisetas que recollen a enorme diversidade da fraga e que pregonan e reclaman a conservación do bosque autóctono galego.

Outros, menos pequenos, tiveron a sorte de participar nunha estancia de doce días na acollidora Aula de Natureza de O Cabalar, unha aldea tradicional totalmente restaurada emplazada nun entorno natural incomparábel para disfrutar e coñecer de perto a natureza e a cultura galega. A observación de cervos e cabalos salvaxes, o manexo dun moíño de regato e a elaboración tradicional de pan, xunto cos baños no río, a contemplación das estrelas, e os itinerarios polos vales e montañas da zona foron algunhas das actividades das que poideron disfrutar.

No programa de inverno deste ano 96-97 a actividade estrela segue sendo o habitual obradoiro de medio ambiente, artesanía e xoguets que se desenvolve desde hai anos no medio rural: Píadela, Xanrozo, Tiobre e Guiliade. Pero ademais este ano a experiencia estendeu-se a outros lugares como A Angustia, onde recentemente se rematou o centro social, e Os Remedios. E nos últimos meses está-se a realizar tamén na vila, de xeito que chega practicamente a toda a xuventude brigantina rural e urbana. Estes obradoiros ofertan actividade continuada e diversa, tendo cabida propostas moi

variadas como a construción e disfrute das famosas carrilanas, a realización e manexo de cadernos de campo, util fundamental dun bo naturalista, os cestos elaborados con vimbios dos arredores ou a plantación de árbores autóctonas realizada en terreos municipais en Tiobre, na que participaron os rapaces e rapazas de todas as parroquias.

Dentro do programa de educación ambiental «*Vive a Natureza*» ten un peso especial o programa de colaboración coa Escola no que participan o C.P «Vales Villamarín» e o Instituto de Bacharelato «Francisco Aguiar». Con estes programas queremos seguir aprofundando nos obxectivos propostos en anos anteriores, na liña de contribuir à educación integral do neno, empregando a metodoloxía propia da educación ambiental, participativa, aberta, divertida... ofertando actividades que reforzan os valores básicos de convivencia e o coñecimento e comprensión do entorno natural, social e cultural do neno.

Entre as actividades que se realizan no Coléxio, destacaríamos o obradoiro «*Aprender xogando*», un obradoiro de 10 sesións dirixido aos pequenos de 6 anos no que os rapaces disfrutaron e aprenderon valores importantes facendo xogos cooperativos e populares como «bufos e corvos», «o gato e o rato»....

Con 2º, 3º e 5º, están-se facendo distintas actividades entorno às árbores e o bosque, algunhas delas xa ensaiadas con enorme éxito en anos anteriores. Os de 2º e 5º participan na *Festa e grande xogo das árbores*, tendo como telón de fondo o Parque Pablo Iglesias. E os de 3º, despois de coñecer a importancia e funcionamento dun bosque a través de diapositivas, visitarán a Fraga de Cecebre, inspiradora da obra de Wenceslao Fernández Flórez «El bosque animado».

Os rapaces e profesores de 6º se suman tamén a este programa de colaboración traballando un valor tan importante como a solidariedade, para o que dispoñen dunha maleta educativa elaborada pola ONG Intermon na que a través duns vídeos e outros materiais didácticos se mostra a vida cotiá dunha rapaza dun barrio de América Latina. A *Semana da Solidariedade*, título deste módulo, que ten como obxectivo básico despertar nos rapaces a solidariedade, tolerancia e respecto polas diversas culturas, se pecha coa realización dun *Grande Xogo da Solidariedade* que serve de complemento lúdico à mesma.

E no Instituto «Francisco Aguiar» continúa-se traballando nun obradoiro de medio ambiente iniciado o ano pasado e ademais este ano se está a realizar un *Programa de prevención de drogodependencias*.

Esperamos-te este ano e os que están por vir.

C.E.M.

Cooperativa de Educación Medioambiental